



ACTA DA XUNTANZA CELEBRADA O DÍA DEZAOITO DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZANOVE, POLA MESA DE AVALIACIÓN CONCURSO PÚBLICO PARA O OUTORGAMENTO DE LICENZAS PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL RADIOFÓNICA DE TITULARIDADE PRIVADA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

ASISTENTES

PRESIDENTE:

Dona Mar Sánchez Sierra, Secretaria Xeral de Medios.

VOGAIS

Don David Conde Varela, Letrado da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.

D. Ignacio Otero López, Subdirector xeral de Enxeñería e Planificación de Radio, Televisión e Multimedia.

D. Enrique González Murga, Subdirector Xeral de Réxime Xurídico

Dona Maria Nieves Domínguez Castro, xefa de sección da Subdirección de Réxime Xurídico.

SECRETARÍA:

Dona Maria del Pilar Louro García, funcionaria da Secretaría Xeral de Medios, que exerce as funcións de secretaria nesta Mesa actuando con voz pero sen voto.

En Santiago de Compostela, ás 12:00 horas do día dezaioito de outubro de dous mil dezanove, no despacho da secretaria xeral de Medios, sita no complexo administrativo de San Caetano en Santiago de Compostela, reúnese a Mesa de Avaliación que se relaciona na marxe coa composición establecida pola cláusula décimo terceira das Bases que rexen o Concurso público para o outorgamento de licenzas para a prestación de servizos de comunicación audiovisual radiofónica de titularidade privada na comunidade autónoma de Galicia anunciado no Diario Oficial de Galicia núm. 153 do 10 de agosto de 2018.

MSS



Ás 12,00 horas a Presidenta dá por constituída a Mesa de Avaliación.

Na mesa do 4 de outubro de 2019, a Mesa recibiu dos expertos designados os informes referidos a diferentes materias contidas nas ofertas presentadas e acordou modular o outorgamento dos puntos respecto das consideracións dos informes. Para isto encargou a elaboración dun informe ao respecto ao membro da mesa Don Ignacio Otero López.

Este procede a explicar o contido do seu informe, no que tivo en conta as ofertas presentadas, os criterios de avaliación recollidos nas Bases e as consideracións dos informes dos expertos.

Don Ignacio Otero expón que ao seu xuízo e a vista dos resultados as propostas mellor valoradas son as de Radio Popular S.A. COPE na localidade de A Estrada, con 75,39 puntos, e a de Medios Autonómicos de Radiodifusión Gallegos S.L. na localidade de Cariño con 42,81 puntos.

Con respecto a oferta na localidade de Cariño, o informante indica que a oferta mellor valorada non supera os 65 puntos establecidos no último parágrafo da cláusula décimo oitava das bases. Sen embargo, esta baixa puntuación non resulta da falta de experiencia ou capacidade do solicitante para afrontar o proxecto da posta en marcha da licenza de comunicación audiovisual radiofónica en Cariño, nin por non dispoñer dun proxecto viable, xa que dito solicitante conta con outras licenzas de comunicación audiovisual radiofónica en marcha. Mais ben resulta dita baixa valoración da imposibilidade de puntuación de parte das propostas ao non separar os datos relativos á Estrada e Cariño, e pola falta de aportación dalgúns datos. Por ese motivo, a xuízo do informante o proxecto de Medios Autonómicos para Cariño é viable e polo tanto non debería terse en conta dita puntuación mínima nese caso.

A vista do informe, e despois das explicacións dadas por Don Ignacio Otero, a mesa, habida conta da puntuación obtida por Medios Autonómicos de Radiodifusión S.L, considera que isto non frustra nin as expectativas, nin a viabilidade da oferta presentada en orde a súa materialización, resultando probada a súa experiencia e capacidade para explotar esta emisora de radiodifusión, xa que, como sinala o técnico, este licitador é titular doutras tres licenzas para a prestación do servizo de comunicación audiovisual radiofónica a través das que explota tres emisoras de radio, constituíndo unha garantía dende o punto de vista profesional en aras a satisfacer as necesidades do servizo radiofónico na localidade Cariño, onde se sumaría unha oferta radiofónica máis ás xa existentes, neste caso de carácter xeralista, redundando en beneficio dos intereses xerais dos veciños desta localidade.

Consultado o letrado da Asesoría Xurídica, presente na Mesa de Avaliación, sobre a posibilidade de propoñer a oferta de Medios Autonómicos de Radiodifusión Gallegos S.A, este indica que, efectivamente, de conformidade coa base décimo oitava, a posibilidade de declaración de deserto do concurso, total ou parcialmente, ten un carácter potestativo ou facultativo, no caso de non considerar que se satisfagan as necesidades do servizo. No suposto de Medios Autonómicos de Radiodifusión, SL, o técnico D. Ignacio Otero López fai unha análise global da oferta e conclúe que tales necesidades estarían

MSS



suficientemente atendidas, polo que non habería obstáculo legal para que a Mesa propoña a súa oferta para a localidade de Cariño.

Por todo o anterior, en base as ofertas presentadas, os informes dos expertos así como o informe de Don Ignacio Otero López, a Mesa de Avaliación decide efectuar a seguinte proposta de adxudicación de licenzas, para a prestación de servizos de comunicación audiovisual radiofónica de titularidade privada na Comunidade Autónoma de Galicia.

COD	LOCALIDADE	FREC	LONXITUDE	LATITUDE	COTA	HEFM	PRA	POL	DR	TITULAR
1	CARIÑO	101.9	007W5400	43N4300	480	75	0,1	M	N	MEDIOS AUTONÓMICOS DE RADIODIFUSION GALLEGOS
2	A ESTRADA	99.9	008W2900	42N4100	300	150	2	M	N	RADIO POPULAR SA CADENA COPE

A efectos de xustificar o sentido da presente proposta e de acordo co sinalado anteriormente, incorpórase a esta acta como anexo, os informes coas consideracións do expertos, así como a análise dos extremos contidos nos anteditos informes en relación coas ofertas presentadas coa súa valoración, efectuado polo membro vogal da mesa encargado a tales efectos, D. Ignacio Otero López, a través do seu informe de data do 11 de outubro de 2019, que tamén se anexa á presente acta.

Así mesmo a mesa acorda dar traslado da proposta contida nesta acta a través da Secretaría Xeral de Medios, para dar cumprimento ao contido na cláusula décimo sétima das bases, previamente á súa elevación ao Consello da Xunta, para o outorgamento das licenzas.

Rematadas as tarefas sinaladas dáse por rematada a sesión cando son as 12:50 horas e esténdese esta acta para a súa constancia coa sinatura de tódolos membros da Mesa.

A Presidenta

Mar Sánchez Sierra

Pola Asesoría Xurídica Xeral

David Conde Varela

Vogal

Maria Nieves Dominguez Castro

Vogal

Enrique González Murga

Vogal

Ignacio Otero López

A Secretaría

Maria del Pilar Louro García